

actividade que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que xulguen oportunas.

A Gudiña, 15 de xuño de 2010.

Guillermo Lago Pérez
Alcalde

CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA

Edicto.

Vodafone España, S.A., entidade representada por Antonio Raposo Vidal, solicitou licenza municipal de actividade para a instalación dunha estación base de servizos de telecomunicacións, que se situará no polígono do Pousadoiro, parcela nº 13. En cumprimento do disposto no artigo 8.3º do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, de avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública, por un prazo de vinte días, para que todas as persoas que se encontren afectadas poidan examinar o expediente no Departamento de Actividades Clasificadas do concello e formular por escrito as alegacións que consideren pertinentes.

Vilagarcía de Arousa, 11 de xuño de 2010.

Mª Dolores García Giménez
Alcaldesa presidenta

CONCELLO DE VILALBA

Anuncio de adjudicación de contratos.

O Concello de Vilalba adxudicou, mediante Resolución do 16 de xuño de 2010, os seguintes contratos de obras:

a) Saneamento e separación de pluviais na praza da Constitución de Vilalba, a *J. Sanjurjo Construcciones, S.L.*

b) Obras na rede xeral de saneamento situada nas Pedrerías-Vilalba, a *Cholo, S.L.*

c) Obras de saneamento e separación de pluviais nas rúas Alcalde Fraga Bello e Nevado Bouza de Vilalba, a *Cholo, S.L.*

d) Obras de saneamento, separación de pluviais e iluminación na rúa Basanta Silva de Vilalba, a *Cholo, S.L.*

O que se fai público para os efectos de lle dar cumprimento ao establecido no artigo 138 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

Vilalba, 23 de xuño de 2010.

Gerardo Criado Guizán
Alcalde

e) OUTROS ANUNCIOS

CENTRO UNIVERSITARIO DA DEFENSA-ESCOLA NAVAL MILITAR

Resolución do 7 de xullo de 2010 pola que se nomea profesor do Centro Universitario da Defensa na Escola Naval Militar a Santiago Rafael Urréjola Madriñán (CD0002).

De conformidade coa proposta elevada pola comisión de selección nomeada para xulgar o concurso de acceso convocado pola Resolución do 14 de abril de 2010 (*Diario Oficial de Galicia* do 30 de abril), e presentada polo concursante proposto a documentación a que fai referencia a base 9.4 da convocatoria.

Esta dirección, no uso das súas atribucións, resolveu nomear a Santiago Rafael Urréjola Madriñán, con DNI 36075902-B, profesor PCUD1 (equivalente a profesor contratado doutor) do Centro Universitario da Defensa situado na Escola Naval Militar de Marín.

Este nomeamento producirá plenos efectos a partir da correspondente formalización do contrato pola persoa interesada.

Marín, 7 de xullo de 2010.

José María Pousada Carballo
Director do Centro Universitario de Defensa na
Escola Naval Militar de Marín

REXISTRO MERCANTIL E DE BENS MOBLES DE PONTEVEDRA

Anuncio de decisión.

Con data do 7 de xuño de 2010 ditouse neste Rexistro Mercantil resolución no expediente número 38/2010, en que se declara procedente o nomeamento de auditor de contas de *Villatres Futura Promociones, S.L.*, para o exercicio 2009.

Contra esta resolución poderase interpor recurso ante a Dirección Xeral de Rexistros e Notariado no prazo de quince días contado desde a data da notificación da resolución. O recurso presentarase, dentro do prazo indicado, no rexistro correspondente, e elevarase o expediente á dirección xeral dentro dos cinco días seguintes.

Pontevedra, 22 de xuño de 2010.

Ana María López Rodríguez
Rexistradora mercantil II